

PERANTE A DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA EN OURENSE

Plácido Valencia Rodríguez, maior de idade, con D.I. nº 34.990.777A, en cualidade de Presidente do Comité de Empresa e membro do Comité de Folga da Vidreira do Atlántico S.A., perante a **DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA EN OURENSE** comparezo e **DIGO**:

Que con data 20 de Xuño do 2009 se convocou folga xeral en todos os servizos, dependencias e centros de traballo da empresa Vidreira do Atlántico, S.A., con inicio o próximo día 26 de Xuño do 2009.

Que, na propia declaración de folga, ademais, se convocou á Dirección da empresa, para unha reunión a celebrar o día 23 (martes) de Xuño do 2009, co obxecto de negociar os servizos de mantemento e seguranza dos centros afectados pola medida.

Que, na súa liña habitual de facerse pasar por vítimas de todo tipo de complots, a Dirección comunicou ao Comité de Folga, vía fax, ás 20,15 do día 24 de Xuño, o seu rexeitamento á convocatoria, así como a súa negativa a negociar co sindicato CIG e os seus membros, proibindo a entrada nas instalacións, aos representantes da central sindical.

Que non conformes con desatender a súa obriga de negociar unha solución ao conflito, con dilatar as reunións para o establecemento dos servizos de seguranza e mantemento e con acusar aos membro do Comité de Folga das súas propias contravencións, enviaron ao Comité unha proposta "...para la fijación de los servicios de seguridad y mantenimiento durante las jornadas de huelga comprendidas entre el 26 de junio y el 10 de julio de 2009", que se revelou, na práctica, como un PECHAMENTO PATRONAL AGACHADO, concebido para dar resposta ao exercicio do dereito de folga por parte dos traballadores/as e para facer fracasar os obxectivos da mesma.

Que o Comité de Folga non admitiu a proposta realizada pola empresa, por tratarse dun PECHAMENTO PATRONAL AGACHADO DOS MEDIOS QUE XERAN MAIS DO 70% DA ACTIVIDADE PRODUTIVA, dirixido a limitar o exercicio do dereito de folga.

Que o pasado día 1 de Xullo do 2009, o Consello Galego de Relacións Laborais, citou ás partes para unha reunión, dirixida a tentar desbloquear o conflito aberto; resultando desa xuntanza unha batería de novas ameazas e advertencias de pechamento da fábrica por parte da Dirección do Grupo BA.

Que o Comité de Folga, reunido hoxe día 4 de xullo, en uso das facultades que lle atribúe a lexislación vixente, artigo 8.2 do RDL 17/1977 sobre relacións de traballo, dediciu desconvocar a folga de 15 días, declarada o 20 de Xuño do 2009, sen renunciar a ningún dos obxectivos contidos na declaración da mesma e reservándose expresamente o dereito a propolos, no momento que considere conveniente, a través dos medios de acción sindical e/ou xudicial ao seu alcance.

COMUNICO:

Á Dirección da Empresa e á Delegación Territorial da Xunta de Galiza en Ourense, a decisión de desconvocar a folga de 15 días declarada o día 20 de Xuño do 2009, con data de efectos do día 5 de xullo do 2009 (domingo), a partires das 6:00 horas da mañá, coincidindo coa entrada da 1ª quenda de traballo dese día.

En Xinzo a 4 de Xullo do 2009

Asdo. Plácido Valencia Rodríguez